

CURSO ESCOLAR 2008-09

HORARIO ESCOLAR

Os alumnos escolarizados no curso 2008-2009 terán o seguinte horario escolar: xornada continuada polas mañás de 8:45 a 14:25 e a tarde do martes de 16:30 a 18:10 horas. Os mércores pola tarde poderán realizarse exames, actividades extraescolares, actividades deportivas...

PRINCIPIO DE CURSO

A apertura do curso 2008-09 realizarase o xoves 18 de setembro ás 12:00 horas no I.E.S. Nº 1 cunha conferencia. A ela están invitados profesores/as, pais, nais, e alumnos/as que o desexen.

Presentación de alumnos, xoves 18 de setembro, pola tarde co seguinte horario:

CURSO	HORA DE PRESENTACIÓN
1º E.S.O.	16:30
2º E.S.O.	17:00
3º E.S.O.	17:30
4º E.S.O.	18:00
1º BACHARELATO	18:30
2º BACHARELATO	19:00

Será unha sesión de acollida de aproximadamente unha hora de duración, polo que non terán que traer máis material escolar que o necesario para tomar algunha nota de interese.

Venres 19, ás nove menos cuarto da mañá comezo das clases.

LISTAS DE ALUMNOS

Listas provisionais de alumnos expostas no Instituto a partir do venres **12 de setembro**. Tódolos alumnos/as deberán comprobar que os seus datos son os correctos. **Non se admitirá ningún cambio salvo erro na matrícula.** **Listas definitivas o mércores 17.**

Nos primeiros días de clase, recibirán, a través dos/as seus fillos/as, unha segunda circular con toda a información académica do curso.

A Estrada, a 11 de setembro de 2008.

A DIRECTORA

Asdo: Gisèle Maïssa Rodrigo.